

Amor de tango

M^a Xosé Queizán

Edicións Xerais. 189 páxinas

A autora presenta unha novela que reconstrúe o Vigo da república e da represión franquista a través dos recordos de Margot, unha das protagonistas. É a novela das mulleres que durante os esperanzados anos 20 e 30 foron rapazas activas, ilusionadas e decididas a descubrir o mundo. É a novela das traballadoras que esper-

taron á vida naquela urbe pioneira, atlántica e liberal que era o Vigo de preguerra. É a novela das obreiras das fábricas de sardiñas, estreitamente ligadas ao

desenvolvemento industrial da cidade. Historia miúda e persoal, e retratos construídos desde un eficaz realismo, constitúen os eixos sobre os que gravita este fermoso relato.

